

INVESTIGACIÓN DE CUIDADOS EN SAÚDE

A investigación en cuidados de saúde aglutina os esforzos científicos realizados no campo da enfermaría. En España existe unha unidade coordinada polo Instituto de Salud Carlos III (ISCIII) no que se integran profesionais do Sergas.

A Unidade de Investigación en Cuidados de Saúde (Investén-iscii) busca o desenvolvemento dunha estratexia a nivel estatal para fomentar e coordinar a investigación traslacional e multidisciplinar neste ámbito, potenciando a súa integración na práctica clínica diaria.

A finalidade de Investén-iscii é contribuír a que os cuidados de saúde sexan seguros, da mellor calidade e baseados en resultados válidos e fiables derivados da investigación rigorosa e da vinculación entre o sector universitario, o clínico e o empresarial. Os seus resultados axudan a optimizar a toma de decisións por parte de persoal de enfermaría.

Santiago de Compostela recibiu ás profesionais da enfermaría na Xornada Galega de Investigación en Cuidados da Saúde Baseados na Evidencia: “impulsando a excelencia dos cuidados”	>
A Coruña acolleu máis de 600 profesionais de enfermaría no Congreso de Investigación en Cuidados de INVESTEN	>
Dúas EOXI de Galicia incorpóranse ao programa “Centro Comprometido coa Excelencia en Cuidados”	>
Centro Español para os Cuidados de Saúde baseados na Evidencia (CECBE)	>